

# VERÁN CULTURAL UDC 2019

## DESCOBRE A NATUREZA QUE CHE RODEA

Os *campamentos* do Programa *Verán Cultural|UDC 2019*, están formados por 2 quendas de 10 días que se desenvolven no Campus de Elviña e nas contornas naturais máis próximas. Diríxense a rapazas e rapaces dos 4 aos 12 anos de idade co obxectivo de descubrir a flora e fauna próxima, interactuar cos recursos naturais e facer obradoiros de sensibilización, reciclaxe, roteiros, dinámicas e xogos para o respecto e a diversión ao ar libre.

A través da integración das diferentes actividades e a partir do contacto co medio natural, foméntase a autonomía das rapazas e rapaces, creando vínculos e estimulando as súas capacidades.

As actividades adáptanse a cada grupo de idade a través de subgrupos de acordo coas súas necesidades especiais.

A equipa educativa está formada por educadoras/es e monitoras/es de ADEGA.

## PROGRAMACIÓN DE CADA QUENDA

A programación está composta por 3 bloques de actividades que se desenvolven cada día

- **BLOQUE 1: ACTIVIDADES EDUCATIVAS**

Unha variedade de obradoiros para a aprendizaxe e experimentación directa cos recursos que nos ofrece a natureza.

*Actividades educativas por temáticas e grupos de idade\*: de 4 a 7 anos: G1/de 8 a 12 anos: G2*

### BIODIVERSIDADE

- Obradoiro de fauna, rastros e pegadas (G1, G2)
- Obradoiro de calco de follas e cortiza das árbores (G1, G2)
- Herbario de campo (G2)
- Construción de comedeiros e refuxios de fauna (G1, G2)

### ENERXÍA E CAMBIO CLIMÁTICO

- Crea o teu propio invernadoiro (G2)
- Fogares verdes (G2)
- Obradoiro de construción dun forno solar (G2)
- Xogo de rol: a megaminería e os nosos móbiles (G2)



---

## AUGA E RÍOS

- Proxecto Ríos (G1, G2)
- Charcas con vida (G1, G2)
- Canta auga consumimos? (G2)
- Constrúe a túa potabilizadora (G2)
- Saída á depuradora de augas residuais da Coruña (G1, G2)

---

## CONSUMO RESPONSÁBEL

- A tenda de Marcelo (G1, G2)
- O teu mundo de 100 habitantes (G2)
- Que necesitas do que compras? (G2)

---

## RESIDUOS E COMPOSTAXE

- O meu lixo (G1, G2)
- Recoñecemento dunha área de compostaxe (G1, G2)
- Organicémonos! Patrulla de compostaxe (G1, G2)
- Que ocorre no composteiro? medida do volume, temperatura e coñecer a microfauna (G2)
- Saída a planta de residuos da Coruña (G1, G2)

---

## RECICLAXE

- Pelotas de malabares con microplásticos e outros residuos (G1, G2)
- Fai a túa propia bolsa de tea (G1, G2)
- Obradoiro de lapis reciclados (G2)
- Obradoiro vaso-pelota e outros aparellos con residuos (G1, G2)

### • BLOQUE 2. ACTIVIDADES PREDEPORTIVAS

Inclúe xincanas e actividades de movemento activo para desenvolver capacidades motoras e físicas que teñen beneficios directos no pensamento e as emocións, adaptadas aos contidos ambientais. Tamén actividades predeportivas por temáticas e grupos de idade:

---

## BIODIVERSIDADE

- Roteiro pola natureza: Monte da Fraga (UDC) (G1, G2)
- Roteiros temáticos: especies invasoras / especies autóctonas / especies comestíbeis/ Castro Elviña (G1, G2)
- O pilla-pilla da cadea trófica (G1, G2)



---

## AUGA E RÍOS

- Asalto á depuradora (G1, G2)
- Aqua-ginkana (G2)

---

## RESIDUOS E COMPOSTAXE

- O pano do lixo: aprendendo a correcta separación dos residuos (G1, G2)
- Ginkana dos xogos do lixo (G2)
- Dominó xigante con material reciclado (G1, G2)

### • BLOQUE 3. ACTIVIDADES DE LECER

Tempos de expansión e relaxación, a expresión e o goce en grupo.

- Magic land: creación do mundo perfecto (G1, G2)
- Fotografía e/ou debuxo na natureza (G1, G2)
- Exposición das mellores fotos e debuxos (G1, G2)
- Reforestación e creación de xardín de plantas aromáticas (G1, G2)
- Coidamos as hortas: plantar ben para comer mellor (G1, G2)
- Paseo sensorial pola natureza (G1, G2)
- Os ovos das píllaras das dunas (G1, G2)
- Son unha árbore (G1, G2)
- Contos ambientais (G1, G2) e Obradoiro de creación de contos ambientais (G2)
- Coreografías e cancións (G1, G2)
- Dinámicas de presentación, distensión e sensibilización ambiental (G1,G2)

Fío condutor será **a especie do día** (G1,G2)

#### Exemplo de programación diaria

8:30h. Recepción. Dinámica de benvida e bos días (30 min.)

9:00h. Actividade Bloque 1 (2h.15min.)

11:15h. Merenda media mañá (30 min.)

11:45h. Actividade Bloque 2 (2h.)

13:45h. Actividade Bloque 3 (1h.)

14:45h. Recollida e despedida (15 min.)

#### QUE DESCUBRE A NATUREZA QUE CHE RODEA?

- Dúas quedas de 10 días: 1-12 de xullo e 15-29 de xullo, en horario de luns a venres de 8:30 a 15h.
- División dos grupos participantes por idades en grupos de até 20 nenas/os
- Material para desenvolver todas as actividades
- Merendas de media mañá
- Xestión das visitas fóra dos Campus da UDC (con autobús)
- Acompañamento no horario de comedor (15-16h)
- Seguro de responsabilidade civil e seguro de accidentes

#### EQUIPA

ADEGA dispón de unha equipa especialista en educación ambiental consolidada e con ampla experiencia no traballo con diferentes tipos de grupos, tanto con nenas/os como persoas adultas. A equipa está composta por persoas con titulacións e complementos formativos do eido da Bioloxía, Xeoloxía, e Pedagogía principalmente, e monitor/a de tempo libre.

